



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO MEDIANTE O QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 26 de decembro de 2017 asinouse un convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo mediante o que se prorroga a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que o 3 de febreiro de 2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o “Consorcio Casco Vello de Vigo”.

Con data 1 de outubro de 2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

O día 17 de outubro de 2012 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal modificáronse os estatutos do Consorcio, prorrogándose a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2017.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

